



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Refer.: PCO.001.2023.00014

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA O PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E O PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE EDICIÓN, PUBLICACIÓN, DISTRIBUCIÓN E EXPLOTACIÓN DA OBRA "PRONTO HEI DE VOLVER", DE AMADOR CASTRO MOURE, GAÑADOR DO XXXIV PREMIO DE NARRATIVA "TORRENTE BALLESTER" MODALIDADE GALEGO 2022, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2023.00014

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

RESOLVO:

1. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, asinados polo Servizo de Patrimonio e Contratación en data 03/03/2023 e de Prescricións Técnicas, asinado polo Servizo de Acción social, Cultural e Deportes en data 17/01/2023, para a contratación dos servizos de edición, publicación, distribución e explotación da obra "Pronto hei de volver", de Amador Castro Moure, gañador do XXXIV Premio narrativa "Torrente Ballester" modalidade galego 2022, nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato:

1.1.1. Tipo de contrato: servizos

1.1.2. Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios

1.2. Prazo de execución: O prazo de vixencia da cesión dos dereitos será ata o 29/05/2024, polo que o prazo de execución do contrato comprenderá o período necesario para a publicación, distribución e explotación da totalidade dos exemplares que sexan editados ata o 29/05/2024, desde a realización da tirada ou tiradas correspondentes ata a venda de todos os exemplares que as compoñen.

1.3. Orzamento: Ao tratarse dunha cesión gratuita de dereitos, o presente contrato non ten repercusión económica para a Deputación.

2. Dispor que o referido contrato adxudíquese mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación ordinaria.